

LITERATURA UNIVERSAL DE 1º DE BACHARELATO

MARCO LEXISLATIVO.-

Decreto 157/2022, de 15 de setembro de 2022 (DOG, 26 de setembro de 2022).

COMPETENCIAS e OBXECTIVOS.-

Esta materia **permite**

- ler, interpretar e valorar clásicos da literatura universal: estuda as relacións entre os constituíntes de cada xénero literario e as súas funcións en conexión co contido, así como os vínculos das obras co contexto e coa tradición literaria;
- compartir experiencias de lectura: previa aprendizaxe das estratexias que favorecen a análise, a interpretación e a valoración crítica de fragmentos ou de obras completas;
- vencellar obras, xéneros e linguaxes artísticas: elixe universais temáticos e formas recorrentes que son tratados desde un enfoque comparatista;
- identificar rasgos dos movementos literarios e das obras obxecto de estudo;
- construír un canon literario verdadeiramente universal e integrador que dea entrada ás mulleres escritoras e aos autores e autoras non occidentais;
- crear textos con intencionalidade literaria.

CONTIDOS.-

Os itinerarios temáticos poden ser moi variados, abertos e deseñados por cada docente pero sempre responden á óptica intertextual de estudo:

- dicir o “eu” na lírica, na narrativa existencial...;
- dialogar cos outros no teatro;
- imaxinar e observar o mundo, actuar nel nos mitos, nas viaxes, na novela de aprendizaxe, na literatura de aventuras...
- ...

En suma, o corpus de textos debe ser aberto e o criterio transversal combina os postulados xenéricos cos temáticos. Trataríase de crear itinerarios lectores a partir dunha selección de obras.



INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN.-

- táboas de indicadores sobre exposicións orais arredor de contidos do curso, para as que o alumnado deberá consultar fontes de información diversa e empregar as tecnoloxías da información;
- táboas de indicadores sobre mesas redondas, debates, reseñas con formato audiovisual, videopoemas, “librofórum” ...
- probas escritas trimestrais de comprensión lectora;
- probas de expresión escrita tales como comentarios literarios, reseñas, textos expositivos formais e académicos sobre un tema dado...;
- proba escrita co formato de traballo de investigación sobre un tema do currículo;
- probas escritas co formato de exames trimestrais.